

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 151/2013, do 12 de setembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o convento franciscano de Santo Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón, na provincia da Coruña.*

Por resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 5 de outubro de 2011 (DOG núm. 208, do 31 de outubro), incóbase o procedemento de declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, en favor do convento franciscano de Santo Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón, na provincia da Coruña.

De conformidade co disposto Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e demais normas de aplicación, procedeuse á apertura dun período de información pública polo prazo dun mes desde a derradeira publicación oficial, e á solicitude de informes a tres dos órganos consultivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela, así como á Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña. Deles, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega emitiron informes favorables á proposta da consellería.

Analizados o contido dos pronunciamentos e informes emitidos polos devanditos órganos asesores e consultivos, así como as alegacións formuladas polo Concello de Padrón, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de acordo cos seus servizos técnicos, propón que o convento de Santo Antonio de Herbón sexa declarado ben de interese cultural e incluír no decreto que poña fin ao procedemento as determinacións necesarias en relación cos actividades compatibles coa axeitada conservación e protección do ben obxecto de declaración, que permitan garantir a continuidade do uso agrario tradicional do contorno, que xira arredor do cultivo e comercialización da variedade de pemento coñecida como pemento de Herbón, variedade que conta con denominación de orixe protexida.

Á vista do exposto, finalizada a instrución do correspondente expediente administrativo, cómpre proceder a súa resolución definitiva. En consecuencia, por proposta do conselleiro



de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de setembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

Primeiro. Declarar ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o convento franciscano de Santo Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón, na provincia da Coruña; consonte a descrición e criterios básicos para a súa protección que constan no anexo I deste decreto.

Segundo. Delimitar a zona afectada pola declaración segundo a descrición literal e o plano que consta no anexo II deste decreto.

Disposición derradeira

O presente decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra este decreto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, doce de setembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

**Descrición do ben e criterios básicos para a súa protección**

I. Descrición e valores do conxunto conventual.

O Convento Franciscano de Herbón está situado na parroquia de Santa María de Herbón no termo municipal de Padrón, na denominada Agra de Longara, nunha paraxe de



gran beleza natural ao carón do río Ulla, bordeado por un amplo conxunto de ladeiras empinadas cara ao leste e oeste.

Forman parte da unidade definida como ben de interese cultural tanto as dependencias conventuais, é dicir, a igrexa, convento e arquitecturas engadidas (colexio de misioneiros, noviciado e seminario), así como o xardín, hortas e muralla de peche do recinto. Na realidade construída herdada e que se percibe actualmente queda pouco das fábricas orixinais, pero no conxunto construtivo e na paraxe que o rodea aínda hoxe se perciben os valores históricos e culturais que o fan merecente de ser considerado entre os bens máis sobranceiros do patrimonio cultural galego. En todo o conxunto se aprecian as ideas fundamentais de monumentalidade contida e sobriedade franciscana que, xunto á pegada do labor continuado dos frades, comunican ao conxunto unha unidade histórica, formal e estilística, artística e territorial merecente dunha maior protección da que actualmente goza.

A orixe desta comunidade franciscana está relacionada co movemento eremítico dos oratorios franciscanos xurdido na provincia de Santiago a finais do século XIV. Moitos daqueles frades buscaron espazos onde puidesen vivir seguindo os preceptos da súa regra fundando eremitorios, hospicios ou conventos. Eran os denominados frades de «probe vida», «frades dos oratorios» ou «frades da observancia» que sobre 1396 iniciaron unha serie de fundacións- posiblemente baixo a inspiración do arcebispo Xoán García de Manrique- na arquidiocese de Santiago. Os frades Gonzalo Mariño e Pedro de Nemancois coñeceron que na freguesía de Santa María de Herbón había un terreo denominado Agra de Longara que reunía todos aqueles elementos que os eremitas anhelaban: soidade e retiro, bosque, auga en abundancia, espazo para horta etc. Este terreo era propiedade do cabido de Iria Flavia que o 26 de decembro de 1396 acordou doalo aos frades franciscanos para facer un oratorio seguindo a regra de San Francisco.

Neste predio os freires ergueron no século XV un modesto convento do cal case non quedan restos, agás un pequeno e sinxelo capitel vexetal de labra ruda e debuxo moi sumario. Probablemente este humilde inmobile constase dunha modesta igrexa coas características estilísticas do chamado gótico mendicante, cuxo modelo co da desaparecida igrexa conventual de San Francisco de Santiago de Compostela e moi similar á de Santa Clara de Pontevedra. Sería, por tanto, unha casa modesta que arredor de 1450 contaría con sete freires, cunha igrexa pobre e separada dunha horta conventual con arboredo, leiras e unha fonte. Xa por estes anos os freires quixeron delimitar as súas propiedades, en prexuízo da igrexa de Santa María de Herbón, anexa á colexiata de Iria Flavia. Este conflito resolveuse en 1491, polo que os freires obtiveron permiso para valar a súa propiedade. Deste xeito, quedaban fixados os límites dunha horta intimamente ligada á vida retirada do convento,



que será, nos séculos XVII e XVIII, un dos valores principais desta casa de retiro, estudo e oración. Estes freires compaxinaron o seu estilo de vida co traballo en prol dos peregrinos que acudían a Padrón e visitaban o hospital de peregrinos desta vila, construído a mediados do século XV por frei Xoán de Vigo por encomenda do arcebispo Rodrigo de Luna.

A fábrica conventual de Santo Antonio de Herbón estaba formada por unha igrexa de finais do século XVII e primeiras décadas do XVIII, orientada cara ao sur e a fachada cara ao norte; unha sancristía e un amplo e sobrio edificio, que combinaba as funcións residenciais coas de ensino, ademais dunha portaría que facilitaba o acceso ao claustro de dúas plantas, que estaba rodeado de varias dependencias. No conxunto destaca a torre campanario construída por Esteban Ferreiro en 1696 -en substitución dunha anterior completamente arruinada-, que amosa unha arquitectura de corte popular con aspecto macizo rematado por un corpo de campás, cun oco de medio punto por cara, cada un deles flanqueado por pilastras cun sobrio entaboamento decorado con bólas e remate en cúpula con pináculo.

Durante a Idade Moderna o convento sufriu moitas modificacións. A primeira foi o cambio da primitiva advocación do convento a San Francisco para denominarse, a partir de fins do século XVI, de Santo Antonio de Herbón. Outros cambios viñeron dados polas doazóns territoriais recibidas de don Fernando Bermúdez de Castro o 16 de outubro de 1509 e, xa no século XVIII, dos cóengos de Iria Flavia. Grazas a estas doazóns o territorio do convento quedou tal como hoxe o podemos contemplar. Esta ampliación do territorio facilitou o aumento da capacidade económica da congregación, o que lles permitiu construír novos edificios e organizar novos espazos para adecualos ás funcións de convento-colexio de misioneiros.

Porén, a finais do século XVII esta igrexa gótica presentaba un avanzado estado de ruína polo que foi totalmente substituída pola actual a inicios do século XVIII, nun momento crucial para a historia deste inmovible, xa que a partir do 28 de xullo de 1701 o convento adquiriu a categoría de colexio de misioneiros de *Propaganda Fide*, fundación tipicamente franciscana con obxectivos de renovación relixiosa regular, vida pastoral intensa e vocación de servir as poboacións tanto de terras americanas como das veciñas Asturias, León e o Bierzo. Deste xeito, a comunidade creceu ata chegar a ter máis de trinta membros, o que fixo preciso engrandecer o convento e a súa igrexa.

As obras de ampliación, realizadas entre 1705 e 1722, supuxeron unha reconstrución case completa da súa fábrica. Da época anterior só quedaron o claustro, o dormitorio que mira para o río, o refectorio e parte da igrexa, da cal hoxe non queda nada por efecto das sucesivas transformacións.



Outros espazos dignos de ter en conta neste convento son o adro da entrada que precede a igrexa, onde se atopa unha sinxela imaxe de pedra de San Francisco que dá a benvinda aos visitantes; o claustro co seu cruceiro ou os espazos da planta baixa abertos ao patio; ademais da sancristía barroca construída en 1730 (obra meritoria da arquitectura conventual galega) e, ao seu carón, o pavillón denominado do cardeal na honra do arcebispo Martín Herrera.

As partes integrantes do inmovible, así como as súas pertenzas, accesorios e bens móbiles vinculados estreitamente co convento, constitúen un conxunto de pezas de extraordinario valor, entre as cales destaca a imaxinaría conservada, a maior parte dela froito do traballo de Xosé Gambino e Xosé Ferreiro, e o conxunto de retablos existente no templo, do cal forma parte o cadro da Virxe de Guadalupe, realizado en México ou en Querétaro cara a 1734, e outras pezas de calidade. Todos eses bens de singular relevancia son obxecto dunha descrición clara e exhaustiva no punto seguinte.

Ademais da importancia histórica do inmovible froito da súa propia natureza, morfoloxía e devir histórico e da relevancia artística dos bens móbiles e accesorios que forman parte integrante del, cómpre mencionar que na horta conventual conviven espazos destinados á produción hortofrutícola con outros elementos ornamentais que inciden no valor ambiental do lugar. Así, xunto á celebre palmeira de Palestina -traída, segundo di a tradición, desde Xerusalén no século XV por un freire, ou, segundo algúns, polo trovador Xoán Rodríguez de Padrón-, e o estanque e a fonte de San Francisco, alternan xardíns, prados, viñas ou froiteiras, e toda una variada mostra de produtos procedentes dos máis variados lugares.

Merece a pena destacar, en concreto, a incorporación de plantacións importadas de alén mar, vencellada á época de dedicación a colexio de misioneros especialmente dirixido cara a hispanoamérica, como, por exemplo, o cultivo de patacas e pementos, que, unha vez adaptados a este territorio, se incorporan á tradición popular.

## II. Bens móbiles integrantes.

Partes integrantes das dependencias monacais:

1. Cruceiro no claustro do convento. Clasificación: elementos arquitectónicos. Dimensións: 500 cm (altura) x 250 cm (largura). Situación: claustro do convento. Materia: granito. Técnica: cicelado, labrado. Inscripción sobre a cabeza de Cristo: INRI (IESVS NAZARENVS REX IVDAEORVM). Iconografía: Cristo na cruz no anverso e Dolorosa no reverso. Con-



texto cultural: Eclecticismo. Datación: finais do século XIX-principios do século XX. Estado xeneral de conservación óptimo.

2. Retablo da Inmaculada Concepción. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 155 cm (altura) x 200 cm (largura) x 50 cm (profundidade). Situación: claustro do convento. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: segundo cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

3. Retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 140 cm (altura) x 190 cm (largura) x 60 cm (profundidade). Situación: claustro do convento. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII. Estado xeral: de conservación deficiente.

4. Retablo de San Xosé. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 150 cm (altura) x 205 cm (largura) x 65 cm (profundidade). Situación: claustro do convento. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: segundo cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

5. Relevo de San Francisco «botando auga polo peito». Clasificación: escultura. Dimensións: 100 cm (altura) x 50 cm (largura). Situación: adro da igrexa conventual de Santo Antonio de Herbón. Materia: granito. Técnica: cicelado, labrado. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII | 1786. Estado xeral de conservación óptimo.

6. Cruceiro no exterior da igrexa. Clasificación: Elementos arquitectónicos. Dimensións: 400 cm (altura) x 60 cm (largura). Situación: exterior da igrexa conventual de Santo Antonio de Herbón. Materia: granito. Técnica: cicelado, labrado. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: terceiro cuarto do século XX | 1973. Estado xeral de conservación óptimo.

Partes integrantes da Igrexa conventual de Santo Antonio de Herbón:

1. Escultura pétreo de San Francisco de Asís. Clasificación: escultura. Dimensións: 100 cm (altura) x 50 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: portada exterior da Igrexa conventual de Santo Antonio de Herbón. Materia: granito. Técnica: cicelado, labrado. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación óptimo.

2. Retablo maior. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Autor/taller: Xacinto Barrios (retablo), Bieito Collazo (pintura). Dimensións: 900 cm (altura) x 780 cm (largura)



x 240 cm (profundidade). Situación: capela maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, sobredourado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: pintura: primeiro cuarto do século XVIII | 1717. Realización da obra: primeiro cuarto do século XVIII | 1708. Estado xeral de conservación regular.

3. Retablo de San Francisco. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Autor/taller: José Ferreiro. Dimensións: 270 cm (altura) x 210 cm (largura) x 50 cm (profundidade). Situación: lado Evanxeo da capela maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII | 1780-1783. Estado xeral de conservación óptimo.

4. Retablo de San Luis rei. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Autor/taller: José Ferreiro. Dimensións: 270 cm (altura) x 210 cm (largura) x 50 cm (profundidade). Situación: lado Epístola da capela maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII | 1780-1783. Estado xeral de conservación óptimo.

5. Retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 550 cm (altura) 350 cm (largura) 170 cm (profundidade). Situación: lado Evanxeo do cruceiro. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: segundo corpo do retablo: Barroco. Primeiro corpo do retablo: Neoclasicismo. Datación: primeiro corpo do retablo: primeiro cuarto do século XIX. Segundo corpo do retablo: terceiro cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación óptimo.

6. Retablo de San Diego. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Autor/taller: Francisco de Lens. Dimensións: 380 cm (altura) x 320 cm (largura) x 60 cm (profundidade). Materia: madeira. Técnica: policromado, sobredourado, talla. Contexto cultural: Rococó. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1757. Estado xeral de conservación regular.

7. Retablo da Dolorosa. Clasificación: mobiliario relixioso, Escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 550 cm (altura) x 350 cm (largura) x 170 cm (profundidade). Situación: lado Epístola do cruceiro. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: segundo corpo do retablo: Barroco. Primeiro corpo do retablo: Neoclasicismo. Datación: primeiro corpo do retablo: primeiro cuarto do século XIX. Segundo corpo do retablo: terceiro cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación óptimo.



8. Retablo da Virxe de Guadalupe. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 500 cm (altura) x 370 cm (largura) x 115 cm (profundidade). Situación: lado Epístola do cruceiro. Materia: madeira. Técnica: pintura ao óleo, policromado, talla. Contexto cultural: Rococó. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1740-1750. Estado xeral de conservación regular.

9. Retablo de San Bieito. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 260 cm (altura) x 200 cm (largura) x 60 cm (profundidade). Situación: parede lado Evanxeo da nave. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeira metade do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.

10. Retablo da Virxe das Dores. Clasificación: mobiliario relixioso, escultura. Dimensións: 400 cm (altura) x 348 cm (largura) x 70 cm (profundidade). Situación: capela das Angustias, parede lado Epístola da nave. Materia: madeira. Técnica: policromado, sobredourado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeira metade do século XVIII. Estado xeral de conservación deficiente.

11. Reixa da Virxe das Angustias. Clasificación: mobiliario relixioso. Dimensións: 320 cm (altura) x 200 cm (largura). Situación: parede lado Epístola da nave. Materia: ferro. Técnica: forxa. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación óptimo.

12. Confesonario. Clasificación: mobiliario relixioso penitencial. Dimensións: 270 cm (altura) x 140 cm (largura) x 80 cm (profundidade). Situación: parede lado Epístola da nave. Materia: madeira. Técnica: calado, carpintaría, ebanistaría. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: primeira metade do século XX. Estado xeral de conservación óptimo.

13. Órgano. Clasificación: instrumentos musicais: aerófonos. Dimensións: 600 cm (altura) x 552 cm (largura) x 200 cm (profundidade). Situación: coro alto, parede lado Epístola da nave. Materia: madeira. Técnica: carpintaría, ebanistaría. Inscripción no frontal: LAUDA-TE DEUM IN CHORDIS ET ORGANO. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeira metade do século XVIII. Foi reformado por frei Manuel Fernández no ano 1923. Estado xeral de conservación óptimo.

14. Pía bautismal medieval. Clasificación: equipamento relixioso: obxectos de ablucións. Dimensións: 70 cm (altura) x 40 cm (diámetro). Situación: sancristía. Materia: granito. Técnica: cicelado, labrado. Contexto cultural: medieval. Datación: século XV. Estado xeral de conservación óptimo.





Bens mobles adscritos á Igrexa conventual de Santo Antonio de Herbón:

1. Relevo dos Mártires de Marrocos. Clasificación: escultura. Autor/taller: Xacinto Barrios. Dimensións: 200 cm (altura), 170 cm (largura). Situación: primeiro corpo, rúa lado Evanxeo do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Inscripción na parte superior do relevo: MARTIRES DE MARROCOS. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII | 1708. Estado xeral de conservación regular. Deterioracións: sucidade superficial xeneralizada.

2. Talla de San Boaventura. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino (atribuído ao taller de). Dimensións: 120 cm (altura) x 80 cm (largura) x 45 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Evanxeo do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | Ca. 1757. Estado xeral de conservación regular.

3. Relevo do beato Juan Jacinto Fernández. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Aldrey. Dimensións: 100 cm (altura) x 90 cm (largura). Situación: lado Evanxeo do ático do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: segundo cuarto do século XX | 1940. Estado xeral de conservación óptimo.

4. Talla de Cristo crucificado. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 130 cm (altura) x 80 cm (largura) x Cristo: 111 cm (altura) x Cristo: 74 cm (largura). Situación: primeiro corpo, rúa central do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Inscripción sobre a cabeza de Cristo: INRI (IESVS NAZARENVS REX IVDAEORVM). Tradución: XESÚS DE NAZARET, REI DOS XUDEUS. Contexto cultural: Barroco. Datación: terceiro cuarto do século XVIII | Ca. 1758. Estado xeral de conservación óptimo.

5. Talla de Inmaculada Concepción. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Puente. Dimensións: 200 cm (altura) x 57 cm (largura) x 52 cm (profundidade). Situación: primeiro corpo, rúa central do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: terceiro cuarto do século XX | Ca. 1960. Estado xeral de conservación óptimo.

6. Talla de Santo Antonio de Padua. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 168 cm (altura) x 77 cm (largura) x 32 cm (profundidade). Materia: madeira de castiñeiro. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1745-1749. Estado xeral de conservación óptimo.



7. Talla de San Francisco recibindo os estigmas. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 170 cm (altura) x 130 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: terceiro corpo, rúa central do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1758. Estado xeral de conservación óptimo.

8. Relevo de San Salvador de Horta. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Aldrey. Dimensións: 100 cm (altura) x 90 cm (largura). Situación: lado Epístola do ático do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: segundo cuarto do século XX | 1940. Estado xeral de conservación regular.

9. Talla de San Luís bispo. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino (atribuído ao taller de). Dimensións: 140 cm (altura) x 80 cm (largura) x 45 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Epístola do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | Ca. 1757. Estado xeral de conservación regular.

10. Relevo dos mártires de Ceuta. Clasificación: escultura. Autor/taller: Xacinto Barrios. Dimensións: 200 cm (altura) x 170 cm (largura). Situación: primeiro corpo, rúa lado Epístola do retablo maior. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Inscripción na parte superior do relevo: MARTIRES DE ZEVPTA. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII | 1708. Estado xeral de conservación regular.

11. Cordobán coa representación de San Francisco. Clasificación: pintura. Mobiliario relixioso. Dimensións: 68 cm (altura) x 205 cm (largura). Situación: mesa de altar do retablo maior. Materia: coiro, madeira, pintura ao óleo. Técnica: encorado, óleo sobre pel, policromado. Contexto cultural: Barroco. Datación: principios do século XVIII. Estado xeral de conservación regular.

12. Talla de San Francisco de Asís. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro. Dimensións: 130 cm (altura) x 43,5 cm (largura) x 35 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo de San Francisco. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII | 1780-1783. Estado xeral de conservación óptimo.

13. Talla de San Luis rei. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro. Dimensións: 140 cm (altura) x 73 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo de San Luis rei. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasi-



cismo. Datación: último cuarto do século XVIII | 1780-1783. Estado xeral de conservación óptimo.

14. Conxunto de cáliz e patena de prata na súa cor. Clasificación: equipamento relixioso: obxectos eucarísticos. Autor/taller: Antonio García. Dimensións: Cáliz: 26,5 cm (altura) x 12,5 cm (diámetro base) x 8 cm (diámetro boca); patena: 13 cm (diámetro). Situación: capela maior. Materia: prata. Técnica: cicelado, modelado, repuxado. Inscricións: marca de autor no pé A/GARCIA. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.

15. Talla do Sagrado Corazón de Xesús. Clasificación: escultura. Autor/taller: Casa Reixa. Dimensións: 180 cm (altura) x 70 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: primeiro corpo, rúa central do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Inscrición na parte inferior da túnica: monograma do nome de Xesucristo: JHS (JESUS HOMINUM SALVATOR). Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: primeiro cuarto do século XX | 1934. Lugar produción: Barcelona. Estado xeral de conservación óptimo.

16. Talla de San Lucas Evanxelista. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 90 cm (altura) x 60 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Evanxeo do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.

17. Talla de San José. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 99 cm (altura) x 44 cm (largura) x 28 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa central do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira. Técnica: policromado, sobre-dourado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1757. Estado xeral de conservación óptimo.

18. Talla de San Mateo Evanxelista. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 90 cm (altura) x 50 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Epístola do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Inscrición no libro na man esquerda da imaxe: INITI SECV VMSTI DVM EVANGELII MAT. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.



19. Talla de San Rafael. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 94 cm (altura) x 62 cm (largura) x 28 cm (profundidade). Situación: ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira de castiñeiro. Técnica: policromado, sobredourado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1757. Estado xeral de conservación regular.

20. Talla de San Diego de Alcalá. Clasificación: escultura. Autor/taller: Xacinto Barrios. Dimensións: 100 cm (altura) x 140 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: ático do retablo de San Diego. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII | 1708. Estado xeral de conservación óptimo.

21. Escultura de vestir da Virxe das Dores. Clasificación: escultura. Dimensións: 160 cm (altura) x 100 cm (largura) x 50 cm (profundidade). Situación: primeiro corpo, rúa central do retablo da Dolorosa. Materia: madeira, tea. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: segunda metade do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.

22. Talla de San Xoán Evanxelista. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 90 cm (altura) x 60 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Evanxeo do retablo da Dolorosa. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

23. Talla de San Roque de Montpellier. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino (atribuído ao taller de). Dimensións: 70 cm (altura) x 50 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa central do retablo da Dolorosa. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: terceiro cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación óptimo.

24. Talla de San Marcos Evanxelista. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Ferreiro (atribuído ao taller de). Dimensións: 90 cm (altura) x 60 cm (largura) x 40 cm (profundidade). Situación: segundo corpo, rúa lado Epístola do retablo da Dolorosa. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

25. Talla de San Miguel. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 109 cm (altura) x 40 cm (largura) x 27 cm (profundidade). Situación: ático do retablo



da Virxe das Dores. Materia: madeira de castiñeiro. Técnica: policromado, talla. Inscripción no escudo: Q.C.D. (Quen como Deus). Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1757. Estado xeral de conservación regular.

26. Cadro coa Virxe de Guadalupe. Clasificación: pintura. Dimensións: 190 cm (altura) x 110 cm (largura). Situación: primeiro corpo, rúa central do retablo da Virxe de Guadalupe. Materia: pintura ao óleo. Técnica: óleo sobre lenzo. Inscripcións: Verdadeiro Retrato da Ymagen Aparecida de Nuestra Señora de Guadalupe que se venera no seu / Templo, Extras Muros da Cidade de Mexico, que a rogos do R. PÁX. Fray Andres de Pazos e Monteze / do, Predicador Apostolico nestes reynos de Á nosa España Comissario del Santo Oficio de la Ynquisicion e Vice Comisario de Comisiones; Remite e dá de esmola ao Collegio Apostolico de San Antonio de Her / bón da Orde de N. S. PÁX. S. Francisco. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII | Ca. 1720. Estado xeral de conservación regular.

27. Talla de San Francisco Branco. Clasificación: escultura. Autor/taller: Xacinto Barrios. Dimensións: 150 cm (altura) x 110 cm (largura) x 45 cm (profundidade). Situación: ático do retablo da Virxe de Guadalupe. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: primeiro cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación regular.

28. Talla de Santa Clara. Clasificación: escultura. Dimensións: 90 cm (altura) x 25 cm (largura) x 25 cm (profundidade). Situación: lado Evanxeo do primeiro corpo do retablo da Virxe de Guadalupe. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: Último cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

29. Talla de San Pascual Bailón. Clasificación: escultura. Dimensións: 85 cm (altura) x 35 cm (largura) x 30 cm (profundidade). Situación: lado Epístola do primeiro corpo do retablo da Virxe de Guadalupe. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII-primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.

30. Talla de San Bieito. Clasificación: escultura. Dimensións: 100 cm (altura) x 50 cm (largura) x 32 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo de San Bieito. Materia: madeira de castiñeiro. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: último cuarto do século XVIII-primeiro cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación óptimo.



31. Talla de San José. Clasificación: escultura. Dimensións: 96 cm (altura) x 30 cm (largura) x 26 cm (profundidade). Situación: parede lado Evanxeo da nave. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: primeiro cuarto do século XX. Estado xeral de conservación regular.

32. Talla de San Luis bispo. Clasificación: escultura. Dimensións: 100 cm (altura) x 50 cm (largura) x 35 cm (profundidade). Situación: outras dependencias do convento. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Eclecticismo. Datación: segundo cuarto do século XVIII. Estado xeral de conservación regular.

33. Talla da Inmaculada Concepción. Clasificación: escultura. Dimensións: 80 cm (altura) x 40 cm (largura) x 30 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo da Inmaculada Concepción. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: segundo cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación regular.

34. Talla do Sagrado Corazón de Xesús. Clasificación: escultura. Autor/taller: José Gambino. Dimensións: 90 cm (altura) x 40 cm (largura) x 30 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Barroco. Datación: segundo cuarto do século XVIII | 1757. Estado xeral de conservación deficiente.

35. Talla de San Xosé. Clasificación: escultura. Dimensións: 70 cm (altura) x 35 cm (largura) x 26 cm (profundidade). Situación: rúa central do retablo de San Xosé. Materia: madeira. Técnica: policromado, talla. Contexto cultural: Neoclasicismo. Datación: segundo cuarto do século XIX. Estado xeral de conservación deficiente.

### III. Xustificación da delimitación do contorno de protección.

Incluíronse dentro do contorno protexido aqueles lugares directamente visualizados desde o propio ben que posúen valemto patrimonial, calquera que sexa a súa natureza, de xeito que as accións que sobre eles se cheguen a acometer recibisen previamente informe dos órganos competentes desta Consellería de Cultura. Isto implica estender a protección ao outro lado do río, xa que en ambas as marxes existe unha notoria presenza de bosque autóctono tradicional, bosque que tamén forma parte da paisaxe cultural. Ademais, a permanencia neste lugar da paisaxe agraria tradicional foi estimada positivamente para a demarcación do contorno de protección do ben.



Búscase deste xeito a elaboración dun contorno homoxéneo que garanta a preservación deste espazo e a súa contemplación, tanto desde o propio ben como desde os puntos de vista próximos máis frecuentes.

A proximidade entre a Igrexa de Santa María de Herbón e o Convento de Santo Antonio require ampliar cara ao norte o ámbito inicialmente considerado, por tratarse dun contorno moi degradado que debe ser obxecto de control previo por parte da Consellería de Cultura, xa previsto na vixente lexislación en materia de patrimonio cultural e no propio planeamento municipal.

Así mesmo, en relación con estes bens, considérase necesario incluír parte do núcleo rural pola conexión directa que ten con ambos os dous inmobles. A proximidade coa igrexa de Santa María e a conexión visual directa co convento de Santo Antonio fan necesario unificar o ámbito delimitado, ben que tendo presente a necesidade de non gravar con cargas innecesarias os propietarios habitantes do lugar, de xeito que non se produza menoscabo inxustificable na súa propiedade. Con todo, os usos e determinacións previstas para ámbitos deste tipo son esencialmente coincidentes coas limitacións e cautelas que xa establece a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, co fin de protexer o noso medio rural. De aí que o control das intervencións por parte da Consellería de Cultura só vén reforzar o obxectivo de preservar estes valores.

O resto do territorio afectado pola demarcación, desde o punto de vista de usos do solo, non sofre modificación notable pola aplicación das determinacións derivadas da súa inclusión no contorno de protección do ben de interese cultural. En todo caso, resulta necesario consolidar esta situación favorable para o patrimonio usando unha ferramenta propia como é o contorno do monumento, superposto a áreas clasificadas como solo rústico. A este respecto, na demarcación a nivel de detalle do ámbito de protección tívose especial coidado en establecer límites obxectivamente recoñecibles, sempre que iso fose posible, trazándose a liña perimetral do contorno sobre camiños e lindes de parcelas.

#### IV. Usos e criterios básicos de protección.

Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 11 da LPCG, no que se refire aos criterios básicos que rexerán nas futuras intervencións sobre o inmovible e o seu contorno e á compatibilidade dos usos coa correcta conservación do ben, dispónse o seguinte:

– Polo que se refire ao ben, con carácter previo a calquera intervención que exceda as obras de mantemento e conservación, deberá redactarse un plan director de todo o



conxunto conventual, que tras un estudo exhaustivo dos inmobles fixe un programa detallado de usos e condicións de adecuación e no que se prevexan as actuacións de restauración, rehabilitación, reestruturación parcial e valoración arquitectónica compatibles coa conservación dos seus valores. En xeral, permitiranse todos aqueles usos do monumento que sexan compatibles coa posta en valor e disfrute patrimonial do ben e contribúan á consecución dos ditos fins.

– En canto ao contorno, considérase necesario que previamente á formulación e aprobación do Plan especial do ámbito da Igrexa de Santa María de Herbón, a través do planeamento xeral se modifique o dito ámbito, incluíndo o contorno do convento de Santo Antonio de Herbón, coa finalidade de garantir a adecuada protección de ambos os dous bens.

– Por outro lado, en relación aos usos, determínase expresamente a compatibilidade da actividade agraria, en especial o cultivo do pemento de Herbón, coa correcta conservación do ben, sempre que se manteña a estrutura territorial e as características xerais da paisaxe cultural do ámbito, fundamentalmente agraria. Respetaranse e manteranse os usos que nela se desenvolven e que constitúen un medio de vida para os veciños de Herbón. Evitaranse as modificacións da topografía existente ou a alteración dos elementos accesorios como valados, cómaros ou camiños, e mesmo a estrutura parcelaria, salvo autorización expresa da Consellería de Cultura.

– En todo o ámbito afectado pola declaración de ben de interese cultural permitirase a implantación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables. A súa tipoloxía, condicións de deseño e dimensións deberán ser congruentes coas características do contorno e alterar o mínimo posible o carácter paisaxístico da zona. A súa situación, masa ou altura non impedirá a contemplación do conxunto protexido. As medidas correctoras que se podan impoñer serán compatibles co desenvolvemento desta actividade. Evitarase, por exemplo, a disposición de pantallas vexetais para ocultar os invernadoiros que reduzan as horas de sol sobre o cultivo e poidan prexudicar o seu crecemento.

## ANEXO II

### Delimitación literal e gráfica

I. Descrición literal da delimitación do convento franciscano de Santo Antonio de Herbón e do seu contorno de protección.

O perímetro do ben de interese cultural, tal e como se reflicte a seguir no anexo II, coincide parcialmente coa parcela catastral referenciada na Sede electrónica do Catastro





(SEC) co número: 15066A069010610000ZU (polígono 69 parcela 1061). Dela exclúese a carballeira situada ao oeste, ao deducirse que a pesar da súa titularidade, non forma parte do recinto amurallado do conxunto conventual.

O contorno de protección do convento franciscano de Herbón queda literalmente xeorreferenciado mediante a cita das parcelas catastrais polas cales discorre a demarcación. Estas identifícanse mediante dous grupos numéricos separados por unha barra que indican polígono e parcela (polígono/parcela) catastrais.

A área de respecto ou contorno de protección do ben queda definido pola liña que une os puntos A-B-C-D-E-F-G-H-I-L-M-N-Ñ-O-P, que se describe a seguir.

Tramo A-B: páttese do punto A ao noroeste da delimitación, na esquina da parcela catastral 2187/01 situada no lugar Rego da Manga. Coincidindo coa estrema norte deste predio, continúa cara ao leste polos predios 69/39 e 69/54, ata o camiño público que baixa cara a Santa María de Herbón, onde se sitúa o punto B

Tramo B-C: desde o punto B a liña continúa polo eixe desta vía(\*) ata o cruzamento dun camiño que nos leva á entrada do conxunto conventual. O punto C, situado nesta intersección, coincide co inicio do perímetro da delimitación do PE-4 (Plan especial de protección da igrexa de Santa María de Herbón).

(\*) Segundo os datos que figuran na SEC, esta identifícase como unha vía de comunicación de dominio público localizada como polígono 69, parcela 9016.

Tramo C-D: seguindo o trazado do camiño que nos leva ao lugar da Igrexa, o contorno segue cara ao sueste coincidindo co ámbito delimitado polo plan de ordenación como PE-4, ata o punto D, na prolongación da estrema noroeste do predio 69/219.

Tramo D-E: desde o punto D, sobe cara ao norte ata o punto E, situado este no mesmo polígono 69, parcela 219, incorporando a subparcela b deste predio ao contorno delimitado.

Tramo E-F: seguindo o trazado da delimitación do ámbito do Plan especial, a liña atravesará os predios do Monte da Igrexa: 69/220, 69/221, 69/223, 69/224 e 69/225 incluíndo as subparcelas b de cada unha delas. Continúa bordeando o predio 69/1062 polas estremas norte e leste, o predio 6164/01 polo leste, o 69/246 e o 69/250 polo noreste, ata o punto F.



Tramo F-G: desde o punto F, situado no extremo noreste do predio catastral 69/250, continúa cara ao suroeste pola estrema desta parcela e das 69/251 e 69/252, ata o punto G, situado sobre o eixe do camiño público(\*) a que dá fronte esta última.

(\*) Segundo os datos que figuran na SEC, esta identifícase como unha vía de comunicación de dominio público localizada como polígono 69, parcela 9014.

Tramo G-H: desde o punto G, coincidindo co ámbito do PE-4, o contorno do ben segue o eixe deste camiño veciñal cara ao sueste ata a fronte do predio 69/285, excluído do perímetro, onde se sitúa o punto H.

Tramo H-I: do punto H, baixa pola estrema noreste da parcela 69/410 e continúa cara ao sur incluíndo no perímetro os predios 69/315, 69/316 e 69/404, en cuxa estrema sueste se sitúa o punto I. Esta parcela catastral limita pola súa fronte sur co camiño público identificado como polígono 69, parcela 9011.

Tramo I-L: a partir do punto I, a delimitación afástase do ámbito do PE-4 baixando cara ao río Ulla pola estrema nordeste dos predios 69/324 e 69/325, quedando estes incluídos no contorno de protección do monumento. Así mesmo, incorpóranse ao ámbito as parcelas catastrais 81/881 e 81/882, situadas á outra beira do río. O punto L coincide ca estrema nordeste desta última parcela no camiño público identificado no catastro como polígono 81, parcela 9008.

Tramo L-M: o perímetro continúa por este camiño, que discorre paralelo á beira do río ata o cruzamento con outra vía que baixa cara ao Ulla, identificado no catastro como polígono 81, parcela 9007. Nesta intersección situaríase o punto M. Este límite inclúe no contorno as seguintes parcelas: 81/882, 81/881, 81/880, 81/879, 81/878, 81/877, 81/876 e 81/871.

Tramo M-N: desde o punto M baixa por esta vía (81/9007) ata o entroncamento co camiño (82/9010) que bordea as parcelas 82/352, 82/353, 82/354, 82/355 e 82/362 (todas elas incluídas no contorno de protección), onde se sitúa o punto N.

Tramo N-Ñ: desde o punto N continúa polo camiño 82/9004, paralela ao río ata a esquina suroeste da parcela catastral 82/554, onde se sitúa o punto Ñ.



Tramo Ñ-O: a delimitación cambia de dirección cara ao norte coincidindo coa estrema oeste deste predio 82/554, chegando ao borde do río e atravesándoo ata chegar ao punto O, estrema suroeste da parcela catastral 68/115.

Tramo O-P: desde o punto O sinalado, a liña continúa polo oeste dos predios 68/115, 68/118, 68/120, 68/121, 68/122, 68/123, 68/124, 68/125, 68/126, 68/127, 68/224, 68/223, 68/220, 68/219, 68/209, 68/269, 68/270, 68/271, 68/272, 68/276, 68/277, 68/279, 68/280, 68/281, 68/282, 68/283, 68/284, 68/285, 68/288 e 69/548. O punto P sitúase no eixe do camiño público que conduce directamente á entrada do convento.

Tramo P-A: este último tramo que pecha o polígono que delimita o ámbito de protección do ben continúa polo noroeste das parcelas catastrais 69/556, 69/557, 69/558, 69/559, 69/560, 69/561, 69/563, 69/564, 69/565, 69/566, 69/567, 69/580, 2177/02 e 2177/01. Desde a estrema norte desta parcela sobe polo camiño público ao que dan fronte os predios 2187/03, 2187/02, 2187/06 e 2187/01, en cuxo extremo norte se sitúa o punto A de inicio; todas elas incluídas no contorno protexido.



**Descrición gráfica da delimitación do convento franciscano de Santo Antonio de Herbón e do seu contorno de protección**

